



VELLOS CANTARES DA SEGA.

//=====//

En canto
chegaba o verán
no medio rural
galego xa
comezaba a
organización das
cuadrillas de

segadores, para comeza-la seitura. As mesmas, na nosa bisbarra, formábanse con seis homes segadores e tres mulleres atadoiras. As que ían as segas a Castela eran máis numerosas, na maior parte dos casos, dez segadores e cinco atadoiras.

O equipo dos segadores era do máis sinxelo que calquera poida imaxinar: Un fouciño e unha aguzadoira, logo un pano que ataban o pescozo para rexeitar os efectos das arganas. As atadoiras co pano protexían a cabeza e nos brazos usaban manguitos. Da cintura abaixo cubríanse cunha saia de liño.

A devandita seitura era unha tarefa que esixía moito esforzo, tanto para os segadores como para as atadoiras, segando e atando de sol a sol, enzoufados na calor, cisco e suor. Durmían coas costas na palla, mirando ao ceo, para espertar en canto comezaba a lubriga-lo día; nembargantes, mitigaban o sufrimento do traballo cos populares cantares da sega.

Para os galegos da nosa bisbarra, especialmente para os máis avezados, comezaban segando en Castela, en canto remataban alá viñan as terras de Lemos, logo xa segaban nos propios eidos.

Os segadores, en plena faena da sega, ían do seguinte xeito: O maioral a cabeza, seguido do resto dos homes formaban unha escaleira na que cada segador era un paso.

Lémbrome que sendo eu un rapaz os maiores contaban o seguinte conto das segas de Castela:

Formando parte dunha cuadrilla de segadores, nun lugar daquelas lonxanas terras ía un home que tiña sete fillos, por iso tiña a necesidade de gañar cartos, cantos máis mellor. O

protagonista no percorrido por aqueles campos de Deus, tan distantes, albiscou un Bando no que se plantexaba un problema: No cárcere tiñan un condenado a morte na forca, pero non tiñan verdugo e ofrecían unha onza de ouro a persoa que se fixera cargo do traballo da execución. O segador estivo botando contas do número de días de sega para gañar esa cantidade e, facendo das tripas corazón, presentouse no cárcere para facer ese macabro traballo e, según o estipulado, entregáronlle o recibo correspondente, para que foxe cobrar ao axuntamento onde o recibiu o Rexedor que, despois de mirar o xustificante, entregoulle a devandita onza de ouro. Entón o executor probouna coa dentamía, logo meteuna no bolso namentres dicía: boa peza! Despois, por esa humildade de certos galegos no afán de quedar



ben con quen ten a sartén polo mango, o bo do home manifestou o seu agradecemento da seguinte maneira: Señor Rexedor, eu vou permanecer aquí dúas semanas, se nese tempo hai necesidade de aforcar outro condenado, sempre que a gratificación sexa a

mesma, estou disposto, agora ben, se se tratara de vostede ou dun membro da súa familia, nese caso non lle cobraría nada.

Entón –o Rexedor, cos ollos recachados- pegou un brinco na cadeira e moi anoxado, mentres coa man dereita sinalaba a porta de saída, berroulle: “Vuelve a Galicia y ahorca a tu madre, galleguito de los cojones!”

Nin siquera unha estaca de pedra chantada no chan rinde homenaxe a tantos segadores e atadoiras que, co seu esforzo, sangue e suor tantas veces regaron o solo de Galicia e Castela.

Baseándome en informacións de persoas maiores acadei datos para compoñer antigos cantares da sega que adxunto noutro apartado.

CANTARES DA SEGA-

Maruxiña, Maruxiña,
xa o di a cantarela,
“Albisquei unha mocíña
e quedei lelo por ela”.

Maruxiña, Maruxiña,
namorei unha primicia,
cos aires da andoriña,
bonita coma Galicia.

Maruxiña, Maruxiña,
fascinante esplendor,
sendo ti a fada miña
non me mates sen amor.

Maruxiña, Maruxiña,
cando te miro pasar,
amosas tan xeitosiña,
non me canso de mirarr.

Maruxiña, Maruxiña,
manantial do meu querer,
eres tan amorosiña,
un encanto de muller.

Maruxiña, Maruxiña
non me negues o cariño
que me da moita morriña
se me deixas no camiño.

Maruxiña, Maruxiña
xa chegan os segadores
soñando pola campiña
co encontro dos amores.

Maruxiña, Maruxiña,,
cansos de segar centeo
desexan chegar axiña,
a vista posta no ceo.

Maruxiña, Maruxiña,
mira que veño cantando,
non sexas tan coitadiña
levo tempo esperando.

Maruxiña, Maruxiña,
meu amor de cada día,
eres preciosa neniña,
paraíso de alegría.

Maruxiña, Maruxiña,
di o cantar do muiñeiro:
“do grao faise fariña
e da palla o palleiro”

Maruxiña, Maruxiña,
se te sintes namorada,
eres moza galeguiña
co embruxo na mirada.

Maruxiña, Maruxiña,
non rexeites ocasión,
paxaro que ven aniña
non ten medo do falcón.

Maruxiña, Maruxiña,
non sexas mala comigo´,
eres fráxil libeliña
e quero voar contigo

Maruxiña, Maruxiña,
non sexas tan algareira,
o viño que ben aviña
non necesita bandeira.

Maruxiña, Maruxiña
os paxaros mensaxeiros
cántanme na orelliña:
“Son os amores primeiros.

Maruxiña, Maruxiña,
non poido vivir sen verte,
eres a máis fermosiña
e non canso de quererte.

Maruxiña, Maruxiña´
Mira que estou namorado,
dime linda rapaciña
que tamén eu son amado.

Maruxiña, Maruxiña
xa te quixen sendo neno,
sácame esa espiña,
o desprezo é veneno.

Maruxiña, Maruxiña
sei que moito nos queremos,
eu son rulo, ti ruliña,
xuntos felices seremos.

-SEITURA-

Lara lara, lara lara.
lara lara, larareiro.
lara lara, lara lara,
lara lara larareiro.

Neniña dos meus amores,
Mira, nira como veño,
por eses campos de trigo
vou segando sen recelo,
fun as segas a Castela
e logo viñen a Lemos,
e agora, miña nena,
polos nosos eidos sego.

Son maioral de cuadrilla,
en cada viaxe, dous regos,
segando, pero contentos;
atadoiras con manguitos,
pano de liño no pelo.
Na calor, suor e cisco,
sempre moita palla vexo,
encollido polas agras
prima o mesmo desexo,
xemidos do meu amor,
a muller que tanto quero.
Traballar por quen amamos
é destino dos galegos,
Cada brazada que corto,

bríndoche un pensamento,
eu vivín na túa compañía

os máis felices momentos,
por iso na túa ausencia
lanzo mensaxes ao vento.
Segadores de por vida
nese trigo amarelo´
espallados polos campos
os esforzados labregos,
saca-la fame do lar
é algo que non ten prezo,
acadar unha colleita
esixe moito empeño;
na calidade de vida
que non falte alimento,
condición tan necesaria,
para pasa-los invernos.

Lara lara,lara lara,
lara lara, larareiro,
lara lara, lara, lara´
lara lara, larareiro.

Mira, mira, miña nena
como me matan os celos,
cando vaia a túa porta
nunca lle póña-lo pecho,
quérote preto de min,
porque lonxe estou lelo,
xa que cando non te miro
e moito ó que padezo,
se me falta teu querer
non son máis ca un lamento.
non poido vivir sen ti,
parece cousa do demo.

Ai, amor dos meus amores,
recorda que te espero!

Lara lara, lara lara,
lara lara , larareiro,
lara lara, lara lara,
lara lara, larareiro.

=====

Vamos as segas a Lemos
con mulleres atadoiras,
polo día atan na palla,
a noite son malladoiras.

=====

Miña nena na ventá,
Non sexas tan algareira,
o viño de boa cuba,
non necesita bandeira.

=====

Veño de segar no trigo
con moitas ganas de verte,
sempre soñando contigo
non me canso de quererte.

Cando me miras, morena,
o embruxo na mirada,
sempre serás miña nena,
coma min, tan namorada.

Cando te miro na rúa,
tan doce e xeitosiña,
ti eres a miña Lúa,
sempre tan amorosiña.

Sei que un día casaremos,
nestes intres non será,
pero dúbida non temos
esa data chegará.

Sócrates Rigueira Ramos